

GALÁN ORTEGA, José (2016): *En el corazón de una república amenazada. Francisco Pérez Carballo, memoria y biografía*. Madrid: Biblioteca Nueva, 399 pp.

Este libro vén sumar una nova e exhaustiva contribución ao estudo da historia contemporánea. Nel, José Galán retoma o que fora o seu tema de tese doutoral rescatando do anonimato unha figura senlleira e moi prometedora da política da segunda república, Francisco Pérez Carballo. Asasinado en xullo de 1936, cando ocupaba o posto de gobernador civil da Coruña, en anos anteriores destacara como líder estudantil, ateneísta e tamén pola súa brillante carreira académica, chegando a ser, aínda na vintena, profesor axudante na Universidad Central, hoxe actual Universidad Complutense de Madrid.

Ao longo das case catrocentas páxinas que compoñen este libro, o autor recompón e rastrea a figura de Pérez Carballo desde a súa infancia á súa recalada en Galicia, con tan só vintecinco anos. Paralelamente, analiza moi polo miúdo o contexto sociopolítico que se vai desenvolvendo paseniño á par do que a formación do futuro político, que logo desembocará no conflito da guerra civil. Esta convulsa época, de extrema complexidade, aparece retratada con moita claridade e demostra o profundo coñecemento e a preclara comprensión das primeiras décadas do século XX que o historiador Galán Ortega posúe. Certamente, este traballo que agora ve a luz excede o ámbito da divulgación tanto nos seus postulados como pola profusa documentación que presenta, e ben puidera ser empregado, ademais de como fonte de documentación, como manual universitario para achegarse de maneira concisa aos estudos de memoria (e de memoria histórica) e para coñecer as estratexias e maniobras de invisibilización de discursos practicadas de maneira premeditada polo réxime do bando sublevado. Ademais, presenta abundantes datos de moito interese tamén, aínda que como deixa claro xa nas primeiras páxinas non é o seu obxecto de estudo, sobre o periplo vital da muller de

Francisco Pérez Carballo, Juana Capdevielle, tamén brutalmente asasinada, na provincia de Lugo.

O volume abre cunha relación de abreviaturas empregadas no texto, para orientar o público lector, seguido dun prólogo onde se xustifica o motivo de estudo e a orientación metodolóxica do texto. O primeiro capítulo constitúe unha excelente aproximación conceptual á memoria, tomando como punto de partida as pegadas na memoria colectiva de Pérez Carballo, o porqué da pervivencia de certos acontecementos fronte a outros ou o xeito en que son representados ou están ausentes. Esta parte serve, ao igual que o breve prólogo, de brúxula para navegar polos seguintes apartados, onde se vai debuxando propiamente a biografía de estudo, así como deténdose no seu pensamento e discurso.

O segundo e terceiro capítulos abren liña temporal describindo a infancia e seo familiar do gobernador civil, así como os seus anos de formación na universidade e primeiras participacións na vida pública e política, ata finais de 1933. Para reconstruír este primeiro período serviuse Galán Ortega de fontes documentais moi variadas, das que reproduce os fragmentos máis destacábeis: xornais, rexistros académicos... O capítulo cuarto detense no salto de Pérez Carballo desde a acción estudiantil cara á primeira plana política, cando se incorpora ao Consello Nacional de Izquierda Republicana en representación da antiga Acción Republicana e como segue vencellado ás estruturas xuvenís do recién creado partido. O quinto, esclarece a chegada do avogado madrileño á Coruña entre marzo e maio de 1936, da man de novas designacións para ocupar postos na gobernatura civil por parte de persoas que, aínda que sen experiencia, eran fieis ás directrices e ideas do goberno central. Resulta moi interesante como, neste punto, José Galán Ortega

lembra como a pesar da relevancia relativa destes cargos, os gobernadores civís foron os primeiros chivos expiatorios políticos en xullo de 1936 e como a praza da cidade galega, de difícil desempeño polas circunstancias do momento, non foi unha excepción. O sexto e último apartado, que se segue dunha breve conclusión que o completa e finaliza o libro, desenvolve os derradeiros meses da república até o inicio da sublevación o 18 de xullo de 1936 e repasa os últimos momentos de Francisco Pérez Carballo e a súa muller.

Ademais do minucioso traballo de arquivo que aquí se presenta e do xeito en que son enfiados os sucesos históricos á volta deste retrato e exercicio de reparación histórica, sorprende e son moi de estimar os comentarios do autor, o xeito en que se posiciona e vai desmentindo certas versións da historia “oficialista”. A guía

que nos vai ofrecendo, sempre claramente posicionada e fundamentada, constrúe unha versión moi coherente, ben desenvolta metodoloxicamente e elabora un sendeiro cara a un mellor coñecemento do período e circunstancias de Francisco Pérez Carballo. Moitas obras, que pretenden falar “a verdade”, ocultan a presenza de quen escribe ou evitan xulgar ou valorar os feitos presentados, resultando unha mera acumulación de datas e sucesos e non unha obra propiamente dita. Como nota final, cómpre indicar que dado o contido e a cantidade de información que contén este volume será adecuado para persoas con certo nivel e bagaxe especializados, investigación ou estudantado interesado na materia, fronte a persoas que procuren unha lectura de carácter divulgativo ou de pracer, o que non desmerece o acabado final do traballo senón todo o contrario.